

Núm. Posto RPT	Nome da consellería	Denominación	Nivel	Destino	Directivo	Concello	Formación	Observacións		
218	TRC99200315770041	Traballo		Posto base grupo E	10	Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago	Servizos periféricos	Santiago de Compostela	Para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.)	Quendas de mañá e tarde
219	VIA020000015770015	Vivenda e Solo		Subalterno	10	Dirección Xeral do IGVS	IGVS/Dirección Xeral do IGVS	Santiago de Compostela	Permiso conducir B (req. indispensable). Para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.)	
220	VIA991000015001025	Vivenda e Solo		Subalterno	10	Área Provincial da Coruña	IGVS/Áreas provinciais	A Coruña	Permiso conducir B (req. indispensable)	
221	VIA991000036001020	Vivenda e Solo		Subalterno	10	Área Provincial de Pontevedra	IGVS/Áreas provinciais	Pontevedra	Permiso conducir B (req. indispensable)	
222	VIC020000015770021	Vivenda e Solo		Subalterno	10	Secretaría Xeral	Secretaría Xeral	Santiago de Compostela	Permiso conducir B (req. indispensable)	

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 14 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.*

A base 9 da Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Realizada esta baremación e resoltas as reclamacións presentadas contra a puntuación provisional, procede a súa publicación.

En consecuencia, esta secretaría xeral

### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es> o día 16 de xullo de 2008, as puntuacións definitivas do baremo establecido na Orde do 9 de abril de 2008.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 30 de xuño de 2008, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe do Servizo de Análises Clínicas deste complexo hospitalario.*

Convocada por Resolución 3/2008, do 28 de xaneiro (DOG nº 38, do 22 de febreiro), a provisión do posto de xefe do Servizo de Análises Clínicas, esta dirección xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3º da Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño),

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe do Servizo de Análises Clínicas do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, convocada por Resolución 3/2008, do 28 de xaneiro (DOG nº 38, do 22 de febreiro).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se